

COMISIÓN INFORMATIVA DE COOPERACIÓN, INFRAESTRUTURAS E MEDIO RURAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **17 de xuño de 2020**

Ás 18.00 horas do día 17 de xuño de 2020, reúnese a comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural a través do sistema de videoconferencia (a través do enlace <https://call.lifesizecloud.com/4065782> remitido coa convocatoria) coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Pablo Pérez Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D. Álvaro José Fernández López

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D. Jorge Pumar Tesouro

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Aurentino Alonso Araújo

D.^a Elvira Lama Fernández

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

Deputado de Democracia Ourensana: D. José Miguel Caride Domínguez

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Interventor: D. José Mosquera Casero

Actúa de **secretario** da comisión, dando fe do acto, don Francisco Cacharro Gosende, secretario xeral da Deputación Provincial de Ourense. En particular, e dado o sistema de videoconferencia empregado para a realización da sesión, dáse fe da concorrencia en tempo real dos asistentes, aos que reconece a través da imaxe retransmitida e de que se encontran en territorio español, e da súa capacidade efectiva de participación nas deliberacións que se producen na reunión, así como da manifestación da súa vontade a través do voto.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 20 DE MAIO DE 2020.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 20 de maio de 2020.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural do día 20 de maio de 2020, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- CAMBIO DE TITULARIDADE DAS ESTRADAS AUTONÓMICAS OU-211 E OU-400 A PROL DA DEPUTACIÓN DE OURENSE

O Sr. secretario expón o contido da proposta.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, lembra que esta proposta trae causa dunha iniciativa do alcalde da Veiga e pregunta se se informou aos alcaldes dos concellos de Cenlle e Ramirás, aos que pertencen as vías que se lles transfíren á Deputación. Por outra parte, lembra que a Deputación está realizando unha importante obra de mellora na estrada do Alto do Covelo á Veiga e espera que as que nos transfíren a cambio a Xunta estean, polo menos, en bo estado de conservación.

O presidente da comisión explica que a Xunta ofertou inicialmente transferirlle á Deputación unha estrada que vai do Barco á Veiga, pero non foi aceptada pola Deputación porque é unha estrada de alta montaña, con elevados custos de conservación e mantemento,

polo que se buscou outra alternativa e os técnicos propuxeron as dúas vías que figuran na proposta. Explica que a de Ramirás está en bo estado e é un tramo con pouco tráfico e que a de Cenlle tamén se encontra en bo estado, aínda que a súa intensidade de tráfico é maior. Si se informou ao alcalde de Ribadavia, pero non á alcaldesa de Ramirás nin ao alcalde de Celanova (porque cre que un tramo pasa por Celanova) e aínda que administrativamente non habería porqué facelo, entende que por razóns de lealdade institucional debe comunicarllo e que se porá en contacto con eles de inmediato. En canto ao investimento na estrada da Veiga, é un investimento que a Deputación xa tiña prevista antes de que se xestionase a transferencia.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, lembra a importancia de que se comuniquen estes cambios aos alcaldes, incluso para que dispoñan de información actualizada sobre a titularidade das estradas.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5), de DO (1) e de Ciudadanos (1) e abstención do Grupo Socialista (3) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

Primeiro: Dar a conformidade da Deputación Provincial de Ourense ao cambio de titularidade a prol desta administración provincial das seguintes estradas ou treitos de estradas (expediente núm. 2020/2954H):

CLAVE AUTONÓMICA	DENOMINACIÓN	LONX.	CLASIF. TÉCNICA	CLASIF. FUNCIONAL
OU-211	Val de Pereira (N-120) – O Coedo (OU-504)	5,46	Estrada convencional	Local
OU-400	Ramirás (OU-531) – Mosteiro Ramirás (OU-531) Mosteiro	3,61	Estrada convencional	Local

A citada conformidade condiciónase a que a Xunta de Galicia, de forma simultánea, amose a súa conformidade e aprobé o cambio de titularidade a prol da administración autonómica da seguinte estrada que se describe, logo da petición formulada por esta Deputación Provincial na data 15.05.2019 (expediente núm. 2019/5025J):

CLAVE PROVINCIAL	DENOMINACIÓN	LONX.	CLASIF. TÉCNICA	CLASIF. FUNCIONAL
------------------	--------------	-------	-----------------	-------------------

OU-0804	OU-0804 Alto de Covelo – A Veiga	11,52	Estrada convencional	Local
---------	-------------------------------------	-------	-------------------------	-------

Segundo: De acordo co establecido no artigo 9.6 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o cambio de titularidade será efectivo ao día seguinte da publicación do Decreto da Xunta de Galicia no DOG. A entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes a esta publicación mediante a sinatura da correspondente acta de entrega entre as Administracións intervenientes.

Terceiro: Logo da tramitación de ámbolos dous cambios de titularidade, e en aplicación dos números 4 e 6 do artigo 10 da Lei 8/2013, de estradas de Galicia, a Deputación Provincial de Ourense deberá modificar o seu catálogo de estradas para incluír os cambios de titularidade aos que se refire o presente acordo.

3º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, di que lle consta que estes días maquinaria da Deputación está realizando tarefas de roza en montes do municipio de Avión xunto con medios da Xunta de Galicia, e pregunta cal é o criterio para levar a cabo estas actuacións.

O **presidente da comisión** explica que xa no mandato anterior se falou de que a Deputación tiña que contribuír nos traballos de protección das faixas secundarias e xa o ano pasado se iniciaron estas actuacións mediante convenios coa Xunta de Galicia nos que a Deputación pon a disposición maquinaria con chofer para labores de roza. Os lugares onde se traballa son definidos polos axentes forestais da Xunta de Galicia con criterios técnicos.

D.ª Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, denuncia o estado de abandono en que se atopan as estradas debido ao confinamento e pregunta se se vai reforzar o servizo de roza nas estradas da Deputación.

O **presidente da comisión** sinala que se adoptaron tres medidas: en primeiro lugar ampliouse o prazo que se lles dá aos concellos para que limpen as estradas no marco do programa de limpeza viaria, ata o 31 de xullo; en segundo lugar, reforzáronse as medidas mediante a contratación dunha empresa externa e xa está formalizado o contrato; e en terceiro

lugar se utilizaron os medios propios de que dispón a Deputación, esperando que con estas tres medidas o problema se resolva nun prazo breve.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, formula un rogo para que a Deputación Provincial cre unha liña de axudas aos concellos para medidas de conciliación da vida laboral e familiar, xa que é unha necesidade urxente e ata a data da Deputación os concellos apenas se recibiron algunhas mascarar.

O **presidente da comisión** di que se responderá por escrito a ese rogo e informa de que a Deputación vai realizar xa un campamento en Manzaneda e cre ademais que coas axudas dos programas de Mocidade e Empregabilidade é posible que os concellos leven a cabo actuacións deste tipo, pero en todo caso se estudará este asunto.

E, ás 18.20 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará de forma electrónica. Dou fe.